

## AS APORTACIÓNS Á HISTORIA MODERNA DE GALICIA DESDE MEDIADOS DA DÉCADA DOS OITENTA

Pegerto Saavedra

O propósito da nosa pequena contribución á presente obra de autoría colectiva non é o de facer un inventario e avaliación de todo o que se leva publicado sobre a historia moderna de Galicia desde a década de 1960 ata hoxe en día. En traballos anteriores, aparecidos en 1985 e 1988, xa nos ocupamos, no primeiro caso en colaboración con Ramón Villares, de explicar a xénese e a evolución dos estudos que tratan do Antigo Réxime galego e as características metodolóxicas das principais "escolas", así como de dar conta daquelas aportacións que consideramos máis sobresaíntes, tanto colectivas coma individuais<sup>1</sup>. Repetir agora o dito entón non viría moito ó caso, e quizabes teña máis utilidade repasar, aínda que sexa coa necesaria brevidade -pois a finalidade deste texto é principalmente informativa- os resultados concretos das liñas de investigación en vigor desde mediados dos anos oitenta, deixando á parte o campo das "mentalidades", obxecto da atención da nosa compañeira Ofelia Rey.

A nota dominante da historiografía modernista dos últimos anos é, pensamos, a diversificación dos problemas tratados nos varios libros e artigos que van aparecendo, antes có abandono de temas nos que estivo moi centrado o interese dos investigadores toda a década de 1970 e parte da seguinte. Basta repasa-las sínteses publicadas no 1991 e 1992 para decatarse de que conteñen capítulos que non sería doado escribir hai dez ou quince anos. Así, a *Historia de Galicia* da ed. Faro de Vigo, na parte tocante á idade moderna, adica o capítulo 33 ás "Industrias rurais da Galicia do XVIII", e o 28 ó réxime

---

1 Cfr. P. Saavedra e R. Villares, "La Galicia del Antiguo Régimen: la fortaleza de una sociedad tradicional", en R. Fernández (ed.), *España en el siglo XVIII: Homenaje a Pierre Vilar*, Barcelona, 1985; e P. Saavedra, "A investigación encol do Antigo Réxime Galego: estado da cuestión, problemas e suxerencias", en *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía Galega*, baixo a dirección de X. Castro e J. de Juana, Ourense, 1988.

señorial e ós poderes locais; as páxinas que tratan da poboación (cap. 29) e da agricultura (cap. 30) ofrecen perspectivas e matices novos por comparación ás sínteses aparecidas arredor do 1980<sup>2</sup>. Nos dous volumes do magno "Proxecto Galicia" que cobren, aproximadamente, os anos que van de 1480 a 1830, pódese atopar información de primeira man sobre a historia da Universidade e outras institucións relixiosas e municipais de ensino, sobre o sistema fiscal, as estruturas familiares, os cambios económicos e sociais do XVI e primeira metade do XVII, a clasificación profesional da poboación urbana a mediados do XVIII...<sup>3</sup>. Por fin, no breve libro que publicamos en 1992 a propósito da "vida cotiá" dos labregos adícanse páxinas a temas non demasiado coñecidos, como os traballos agrarios, as idades da vida ou a cultura propiamente campesiña<sup>4</sup>.

A historiografía modernista segue, polo tanto, dando mostras de vitalidade e orixinalidade. As monografías de carácter comarcal ou provincial xa non abundan coma antes, pero sería un erro pensar que foron abandonadas por completo: C. Fernández Cortizo ten cáseque rematado o seu traballo de Doutoramento sobre a xurisdicción de Montes, namentres en 1992 H. Sobrado Correa defendeu unha interesante memoria de Licenciatura, na que estudiaba o concello lugués de Castroverde<sup>5</sup>. Os traballos comarcais que se atopan na actualidade en diferentes fases de elaboración non son tampouco unha simple copia dos xa publicados nin estes son todos iguais: tratan polo miúdo temas antes menos atendidos, como o exercicio do poder local e as estruturas familiares.

A historia da familia vén sendo, precisamente, un campo ó que os traballos de demografía prestan na actualidade particular atención, polo que en moi poucos anos se notaron avances importantes no seu coñecemento. Ás investigacións principiadas por C. Fernández Cortizo en 1977-78 engadíronse logo as de outros autores, o que permitiu ampliar o territorio, a cronoloxía e os aspectos obxecto de estudio. Desde 1987 foron aparecendo aportacións que tratan do tamaño e composición das familias e dos modelos

---

2 Vid. *Historia de Galicia*, baixo a dirección de R. Villares, ed. Faro de Vigo, 1991, tomos 2 e 3. A autoría do cap. 33 corresponde a M. Valcárcel, a do 28 a P. Saavedra, a do 29 a C. Fernández Cortizo e a do 30 a J. M. Pérez García.

3 Cfr. *Galicia. Historia*, ed. Hércules, A Coruña, 1992, t. III (de P. Saavedra) e IV (de X.R. Barreiro Fernández), aquel adicado a Economía e Sociedade, e este a Historia política e cultural.

4 Vid. P. Saavedra, *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, Univ. de Santiago, 1992, en especial capítulos II e III.

5 H. Sobrado Correa, "La tierra de Castroverde en el Antiguo Régimen. Un estudio de historia rural", Univ. de Santiago, 1992, ms. inédito. Algúns adiantos de C. Fernández Cortizo menciónanse nas notas seguintes.

hereditarios nas comarcas e nas poboacións vilegas da Galicia occidental<sup>6</sup>; da diferente valoración da casa e da comunidade veciñal nas antigas provincias de Ourense e Lugo<sup>7</sup>; da conflictividade familiar e do recurso ás dispensas matrimoniais e os trocos<sup>8</sup>; do tamaño medio dos grupos domésticos en 1857-60...<sup>9</sup>. A comezos de 1993 saíu do prelo a tese que I. Dubert defendera en 1991, e que constitúe un riguroso estudio das estruturas familiares da Galicia de mediados do XVIII, tanto das do mundo rural coma vilego, dos sistemas hereditarios practicados na terra de Santiago, e da conflictividade matrimonial e familiar documentada en diversos tribunais locais e na Audiencia do Reino entre 1550 e 1830<sup>10</sup>.

Gracias a todos eses esforzos, a historia da familia é hoxe tema bastante ben coñecido: os diversos estudos sacaron a relucir as diferencias que no tocante ó tamaño e composición do "agregado doméstico" existían dentro de Galicia tanto en 1750 coma cen

- 6 Vid., en especial, C. Fernández Cortizo, "Estructura y composición del grupo doméstico en un medio urbano: Pontevedra a mediados del siglo XVIII", en *Jubilatio*. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores don Manuel Lucas Alvarez y don Angel Rodríguez González, Univ. de Santiago, 1987, I; "Galicia occidental a mediados del siglo XVIII: crecimiento demográfico, economía agraria y sistema familiar", *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 4, 1988; "Estrategias familiares y pequeña explotación campesina en la Galicia del XVIII", en P. Saavedra e R. Villares (eds.), *Señores y campesinos en la Península Ibérica, ss. XVIII-XX*, Barcelona, 1991, t. 2, e "En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares en la Galicia occidental a mediados del siglo XVIII", en J. C. Bermejo (coord.), *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, Santiago, 1989; I. Dubert García, *Los comportamientos de la familia urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: el ejemplo de Santiago de Compostela*, Univ. de Santiago, 1987; "Modelos hereditarios y estructura familiar en un medio urbano: *Jubilatio...*, II, *op. cit.* e para o caso dunha vila da provincia de Lugo, vid., do mesmo autor, "El fenómeno urbano en la Galicia interior. Características económicas y demográficas del ámbito semiurbano (1571-1850)", *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, I, 1992, traballo adicado a Monforte.
- 7 Cfr. P. Saavedra, "Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860", en J. C. Bermejo (coord.), *Parentesco, familia...*, *op. cit.*
- 8 Vid. I. Dubert García, "La conflictividad familiar en el ámbito de los tribunales señoriales y reales de la Galicia del Antiguo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna*, Univ. de Santiago, 1990, e "Estudio histórico del parentesco a través de las dispensas de matrimonio y de los archivos parroquiales", en J. C. Bermejo (coord.), *Parentesco, familia...*, *op. cit.*, e "Los comportamientos sexuales premaritales en la sociedad gallega del Antiguo Régimen", *Studia Historica*, IX, 1991; O. Rey Castela, "Mecanismos reguladores de la nupcialidad en la Galicia atlántica. El matrimonio a trueque", *Obradoiro de Historia...*, *op. cit.*
- 9 Cfr. P. Saavedra, *Galicia. Historia*, III, *op. cit.*, cap. V, con información de 1857-60 para todos os municipios de Galicia, e *A vida cotiá...*, *op. cit.*, cap. II.
- 10 I. Dubert, *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna. 1550-1850*, Sada-A Coruña, 1992.

anos despois; as prácticas hereditarias dunhas e outras comarcas e a súa acomodación á conxuntura agrícola e demográfica; a conflictividade familiar ocasionada polo reparto de patrimonios que non sempre era doado dividir... Quedan, dende logo, puntos escuros: os modelos hereditarios e as estratexias de casamento están mellor estudias na Galicia occidental ca en Lugo e Ourense, e se nas terras luguesas a organización familiar parece bastante sinxela debido ó predominio dos grupos domésticos de estrutura complexa, rexidos pola mellora<sup>11</sup>, en Ourense a variedade é maior e estamos seguros de que unha investigación demorada sería do máximo interese, debido á orixinalidade que dentro de Galicia ofrece esta provincia, a máis abandonada polos historiadores modernistas e tamén a que maiores sorpresas garda para os estudiosos da familia e da comunidade campesiña que saiban apreciar aqueles matices que non sempre se reflicten nas estatísticas.

Dentro da demografía hai que mencionar, así mesmo, diversos traballos que se ocupan da análise dos censos de poboación e doutras fontes que ofrecen datos sobre a emigración (arquivos parroquiais, protocolos, pleitos, padróns municipais da primeira metade do XIX). O prof. Eiras Roel é, ó noso xuízo, o autor dos estudos máis ambiciosos baseados na información do censo de Floridablanca, con vistas a establecer a desigual incidencia da emigración e os diferentes "modelos demográficos" que se atopan en Galicia a fins do XVIII. Tendo en conta diversos parámetros, a distribución da poboación por idade e sexo, os índices de envellecemento, as taxas de natalidade e nupcialidade, a lonxevidade e a esperanza de vida, o celibato, a emigración, o tamaño da familia e as posibilidades de crecemento vexetativo, A. Eiras encontra en 1787 media ducia de modelos demográficos dentro de Galicia, ademais do característico da poboación vilega<sup>12</sup>. Débese tamén a este profesor a organización do Coloquio de Poio, celebrado en xuño de 1990, e centrado no tema da emigración galega da idade moderna e contemporánea<sup>13</sup>.

---

11 Insistimos nesa cuestión en "Casa y comunidad...", e as recentes investigacións de H. Sobrado confirman plenamente o que nós adiantabamos, vid. deste autor, "La tierra de Castroverde...", loc. cit.

12 Cfr. A. Eiras Roel, "Mecanismos autoreguladores, evolución demográfica y diversificación intrarregional. El ejemplo de la población de Galicia a finales del siglo XVIII", *Boletín de la AEDH*, 2, VIII, 1990; "Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787", en R. Villares (coord.), *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, Santiago, 1988, e "Algunos caracteres de la estructura demográfica gallega tradicional a finales de la Edad Moderna. La constante migratoria", *Paisages et sociétés*, Poitiers, 1990. A propósito do censo en Floridablanca, vid. tamén F. Dopico, "La población de Galicia en el siglo XVIII", en *Estudios sobre la población del País Valenciá*, Valencia, 1988, t. 1.

13 As comunicacións a este Coloquio foron publicadas na *Revista Galega do Quinto Centenario*, núms. 4 a 7. Un resumo das conclusións en A. Eiras Roel (ed.), *La emigración española a Ultramar, 1492-1914*, Madrid, 1991.

Os numerosos traballos adicados á historia da familia, á análise dos censos e ó estudio da emigración non constitúen, desde logo, as únicas achegas que ultimamente se teñen feito á demografía da Galicia do Antigo Réxime. O xa ben experimentado método de "reconstrucción de familias" foi empregado con rigor por E. Martínez Rodríguez na súa tese de doutoramento sobre a poboación de Santiago de Compostela nos séculos XVII-XIX. As primicias que este autor nos vén adiantando en diversos traballos son de grande interese para coñece-los comportamentos demográficos do mundo vilego, algo distinto dos descubertos ata agora nas parroquias rurais. En efecto, na Compostela do XVIII mozos e mozas casan máis cedo ca nas aldeas, os viúvos e viúvas voltan a tomar estado con relativa frecuencia, a fecundidade das mulleres é moderamente alta máis elevada ca nas parroquias rurais da Terra de Santiago, pero menor cá rexistrada noutras cidades europeas, e a mortandade de párvulos está por riba do 400 por mil<sup>14</sup>.

Para rematar co tema da demografía, diremos que tamén se avanzou no coñecemento da evolución da poboación desde comezos do XVII a mediados do XIX. C. Fernández Cortizo publicou os datos do censo de 1631, que confirman que a Galicia de principios do XVII estaba densamente poboada; a mesma hipótese queda reforzada polo estudio que nós fixemos das series de bautizados de máis de duascenas parroquias, con vistas a caracteriza-las grandes tendencias comarcais na evolución da poboación galega<sup>15</sup>. Pouco a pouco vaise abrindo paso a idea de que os niveis de poboación da Galicia anterior ó cultivo do millo americano eran bastante máis elevados do que se viña dicindo<sup>16</sup>, e tamén

---

14 Cfr. E. Martínez Rodríguez, "Un aspecto de la demografía gallega: la nupcialidad en Santiago de Compostela durante el siglo XVIII", en *Jubilatio, op. cit.*; "La fecundidad urbana en la Galicia moderna: Santiago de Compostela durante el siglo XVIII", *Obradoiro de Historia Moderna, op. cit.*, e "La mortalidad infantil y juvenil en la Galicia urbana del Antiguo Régimen: Santiago de Compostela, 1731-1810", *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, I, 1992. Da mortandade infantil-xuvenil no mundo rural trata J. M. Pérez García, "El modelo de mortalidad del Antiguo Régimen en la Horta de Valencia. Un contraste con las Rías Bajas Gallegas", *II Congreso Asociación de Demografía Histórica*, Alicante, 1990, e P. Saavedra, "Datos para un estudio comarcal de mortandade de párvulos en Galicia (fins do XVII-mediados do XIX)", *Rev. Obradoiro de Historia, op. cit.*

15 Cfr. C. Fernández Cortizo, "La población de Galicia en la primera mitad del siglo XVII: los vecindarios de 1631 y 1651"; *Obradoiro de Historia...*, *op. cit.* e P. Saavedra, "Las grandes tendencias comarcales en la evolución de la población gallega (de comienzos del XVII a mediados del XIX)", *Minius* (Ourense) 1, 1992, 1ª parte, e *ibid.* 2, 1993, 2ª parte.

16 En traballos publicados en 1987 insistiamos na necesidade de revisar á alza a cifra de 630.000 hbs. que se viña dando a Galicia de 1590. Vid. P. Saavedra, "Algunos problemas que plantean las fuentes fiscales del Archivo General de Simancas referidas a Galicia", en *Jubilatio...*, *op. cit.*, e "Transformaciones agrarias

pode afirmarse que desde 1630/50 a 1850 as tendencias comarcais da evolución do número de bautizados non quedan reducidas a un simple contraste entre o interior e o litoral, senón que tanto en Lugo e Ourense coma no resto das provincias é necesario distinguir diversos comportamentos evolutivos. Os estudos vindeiros deberían, precisamente, axudar a ir precisando eses matices comarcais (en especial en Tui e Ourense) e atender ó século XVI, do que hai moito por investigar.

As aportacións á historia agraria non foron abundantes, pero parte delas teñen polo menos o mérito de estudar comarcas ou sectores productivos pouco atendidos antes. O xa mencionado traballo de H. Sobrado sobre o concello de Castroverde ofrece interesantes datos para o coñecemento das estruturas agrarias e dos cambios no sistema de cultivos da antiga provincia de Lugo<sup>17</sup>. Doutra banda, a análise dos numerosos e ata hai pouco escasamente aproveitados libros de contas dos frades bernardos permitiunos profundizar no estudio da evolución dos cultivos e da conxuntura agraria en comarcas coma o Ribeiro, as Mariñas de Betanzos e as terras de Sarria<sup>18</sup>. Foron tamén estas fontes as que nos serviron de alicerce para levar adiante un traballo que trata da economía vitícola da Galicia do Antigo Réxime, aparecido en 1992 e que tenta contribuír ó coñecemento dun sector agrario moi precisado de investigacións, así polas súas características particulares coma pola importancia que tiña no conxunto da agricultura galega<sup>19</sup>. Centradas nos Riberios de Ourense, as achegas de I. Rionegro e de L. Domínguez Castro parécennos de interese porque axudan a clarexala evolución do produto agrario e o funcionamento dalgunhas explotacións fidalgas a fins do XVIII e principios do XIX<sup>20</sup>. Hai que dar conta,

---

y crecimiento de la población en la provincia de Mondoñedo, 1550-1630", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXVII, 1987.

17 Cfr. H. Sobrado Correa, "La tierra de Castroverde..."; *loc. cit.*

18 Cfr. P. Saavedra, "Coyuntura agraria e ingresos señoriales en la Galicia interior y en las Mariñas de Betanzos", *Obradoiro de Historia...*, *op. cit.*, e "Sobre las transformaciones del sistema agrario de la Galicia del Antigo Régimen", *Paysages et sociétés*, *op. cit.*

19 P. Saavedra, "La economía vitícola en la Galicia del Antigo Régimen", *Agricultura y Sociedad*, 62, 1992.

20 Vid. I. Rionegro Fariña, "El priorato de Santa Cruz de Arrabaldo de 1750 a 1835. Estudio Económico", *Miniús. Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, Ourense, 1, 1992; L. Domínguez Castro, "Análisis económico de una explotación agraria fidalga a finales del Antigo Régimen", *ibid.* Tamén sobre a coyuntura vitícola, neste caso dunha comarca lucense, A. Eiras Roel, "Las cuentas de la granja cisterciense de Oleiros: un intento de aproximación a la coyuntura agraria del Miño medio en el siglo XVIII", *Jubilatio*, *op. cit.*

igualmente, da publicación en 1990 do amplo *rapport* que A. Eiras Roel presentara en 1985 ó XVI Congreso Internacional de Ciencias Históricas, e que trata das relacións agricultura/poboación na España dos ss. XVI-XVIII, cun tratamento privilexiado do caso galego<sup>21</sup>.

A dinámica da pequena explotación campesiña foi, igualmente, obxecto de reflexión e análise en diversos traballos. Un obxecto ou problema dificultoso, pois, segundo afirma W. Kula, "nada hai tan ingrato coma o estudio do autoconsumo". A economía campesiña aparece condicionada non só pola presión demográfica, senón tamén polo peso das rendas de toda clase, pola forza da comunidade aldeá e o respecto as "servidumes colectivas", polos modos de reparto do patrimonio que se estilan en cada comarca, polo grao de coñecementos técnicos...<sup>22</sup>. A este respecto, J. M. Pérez García fixo un estudio comparativo da evolución do tamaño das explotacións na Horta de Valencia e nas Rías Baixas Galegas de fins do XVI a principios do XIX, e investigou inclusive as relacións entre as transformacións nos cultivos e na ferramenta na Galicia occidental<sup>23</sup>; outros autores chamaron a atención sobre as diversas formas de contacto co mercado cada vez máis intensas do campesiñado, e recentemente A. I. Fernández González presentou un interesante texto para discutir na reunión do SHEA (Santiago, IX-X-1992), sobre os maiores produtos agrarios na Galicia do XVIII. Empregando a documentación do "Excusado" de 1763-66 e de principios do XIX, o mencionado autor identifica os labregos máis fortes das diócese de Lugo, Ourense e Santiago; estudia a composición da produción; localiza as comarcas nas que aparecen os "caporais" cun maior produto físico, e calcula que proporción da colleita poderían vende-las casas elixidas como "excusadas". A conclusión a que chega é que ata os labregos abastados tiñan unha capacidade moi limitada de acumulación e comercialización de excelentes, actividades estas que estaban case monopolizadas polos rendistas<sup>24</sup>.

- 
- 21 A. Eiras Roel, "Evolución agraria y crecimiento demográfico en España, siglos XVI-XVIII", en *Estudios sobre agricultura y población en la España Moderna*, Santiago, 1990.
- 22 P. Saavedra, "La dinàmica de la petita explotació pagesa a la Galícia d l'antic règim", *Recerques*, 25, 1992.
- 23 Cfr. J. M. Pérez García, "Crecimiento agrario y explotaciones campesinas en las Rías Bajas Gallegas y en la Huerta de Valencia: un estudio comparativo", en P. Saavedra e R. Villares (eds.), *Señores y campesinos...*, op. cit., II e "Transformaciones agrarias y utillaje agrícola. Análisis de interrelaciones", en M. Baulant et alii, *Inventaires après décès et ventes de meubles*, Lovaina, 1988. Tamén, do mesmo autor, "Transformación y consolidación de un paisaje rural: minifundio y parcelación en las Rías Bajas Gallegas", en *Paysages et sociétés*, op. cit.
- 24 A. I. Fernández González, "Los mayores productores agrarios de Galicia en la segunda mitad del XVIII", V Reunión do SHEA, setembro-outubro, 1992, Santiago.

As investigacións en curso de I. Rionegro e de H. Sobrado permitirán coñecer mellor a historia agraria das antigas provincias de Ourense e Lugo. Pero neste campo é moito o que aínda queda por facer. As provincias de Tui e de Betanzos, por exemplo, teñen unhas particularidades que aconsellan non asimilalas, sen máis, á de Santiago, con comarcas ben estudadas. Desde hai anos vimos tamén afirmando a necesidade de ter en conta as pequenas transformacións do sistema agrario anterior ó millo americano, así coma aquelas outras que sen van producindo no XVIII e que a miúdo pasan desapercibidas (o aumento das superficies de prado, do cultivo de nabos...). Finalmente, se para a época contemporánea contamos cun rigoroso traballo sobre o monte, este é un tema que na idade moderna se atopa cáseque sen roturar ou con poucos máis claros cós que tiña en 1985, cousa que non deixa de chama-la atención dada a importancia obxectiva do comunal na economía campesiña galega<sup>25</sup>.

O coñecemento da economía campesiña, e en particular do acceso voluntario ou forzoso do labrego ós mercados, adiantou notablemente gracias ás investigacións adicadas á industria téxtil rural. No traballo publicado en 1988 xa dicíamos que neste campo se produciran quizabes as achegas máis novedosas da historiografía galega recente. Aínda que defendida en 1983, a tese de Joám Carmona non apareceu impresa ata 1990 (e só a parte que estudia o sector téxtil, pois segue inédita a correspondente á pesca). Agora o lector dispón dun texto global no que se analizan, con abundante apoio documental e bibliográfico, as diversas actividades complementarias dos labregos de mediados do XVIII, a localización das actividades téxtiles e a organización do traballo dos lenzos e a súa distribución, así coma as causas da expansión desta industria na segunda metade do XVIII, as dimensións e limitacións do sector, e a "liquidación" da "fábrica dispersa" entre 1800 e 1840<sup>26</sup>.

Despois das investigacións de Joám Carmona, e en menor medidas do autor destas liñas, hoxe parece un feito ben asentado que a economía da Galicia do XVIII e primeiro tercio do XIX non se comprende se tan só se repara no sector agrario, e a variable da

---

25 Para a idade contemporánea, X. Balboa, *O monte en Galicia*, Vigo, 1990. Para o antigo réxime o breve traballo de P. Saavedra, "La propiedad colectiva en la Galicia del siglo XVIII", en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid, 1989.

26 J. Carmona, *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles, 1750-1900*, Barcelona, 1990; sobre o carácter comarcal dalgunhas actividades complementarias, vid., do mesmo autor, "Merceros de Castilla: estacionalidad agrícola y desplazamientos estacionales en la España cantábrica"; en L. U. García Merino et alii (compls.), *Los espacios rurales cantábricos y su evolución*, Univ. de Cantabria, 1990.

"protoindustria" xa vai sendo amplamente considerada en estudos que tratan dos comportamentos demográficos e mesmo da emigración<sup>27</sup>.

Unha vez que se sabe a importancia que para a economía campesiña tivo a fabricación e venda de lenzos resulta máis doado explica-lo espectacular aumento de feiras e mercados que se documenta no decorrer do século XVIII, e tamén a aparición, desde 1760, en diferentes cidades e vilas, dunha "nova burguesía", vida de fóra do Reino, cunha capacidade de "xiro" moi superior á que amosaban en 1790 os comerciantes e tendeiros censados no Catastro de Ensenada. A habilitación dalgúns portos, primeiro A Coruña, logo Vigo e Ferrol, para participar no comercio colonial favorecen a renovación e afianzamento dos grupos burgueses, pero quizabes foi tanto ou máis decisivo o retroceso do autoconsumo que se nota no mundo rural, cuestión que se trata en diversos traballos<sup>28</sup>. As actividades de varios dos "capitáns" da industria e do comercio da Galicia do XVIII foron estudiadas xa hai anos por Antonio Meijide Pardo, e na actualidade X.R. Barreiro Fernández ten rematada unha minuciosa investigación sobre a "protoburguesía galega", da que coñecemos algúns adiantos interesantes, como o traballo sobre Andrés García e cía., no que demostra ben a capacidade de acumulación dalgunhas familias de comerciantes no derradeiro tercio do XVIII e primeiros anos dos XIX<sup>29</sup>. Investigacións serodias doutros autores chaman a atención sobre os vencellos que certos burgueses manteñen cos sectores rendistas ou sobre a mestura de actividades e prácticas novas e vellas<sup>30</sup>. Pero

---

27 Vid. A. Eiras Roel, "Evolución agraria...", loc. cit., pp. 170 ss.; O. Rey Castelao e R. Turnes Mejuto, "La emigración a América en la cuenca media del Ulla: un ejemplo de análisis comarcal", *Revista da Comisión Galega do V Centenario*, 4, 1989. Os efectos que a "desindustrialización" da Galicia cantábrica tivo para a composición dos fogares e a emigración, estúdiense en P. Saavedra, "Industria textil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1950-1860", *Grial*, 102, 1989.

28 Vid. O. Gallego Domínguez, "Ferias y mercados en la provincia de Ourense", *Boletín Auriense*, XVII, 1987, e P. Saavedra, "Ferias, rentas provinciales y motines en la Galicia de fines del XVIII", incluído en *A Facenda Real en Galicia nos séculos XVI-XVIII*, EGAP, Santiago, 1993. O "perfil" dos núcleos vilegos de Galicia arredor de 1750 en P. Saavedra, *Galicia, Historia...*, III, op. cit., cap. VII; en "Respuestas Generales" do Catastro de Ensenada de Santiago, A Coruña e Tui foron editadas na colección "Alcabala del viento", con introducción, respectivamente, de A. Eiras, B. Barreiro e O. Rey.

29 X. R. Barreiro Fernández, "La burguesía compostelana: la familia «de Andrés García» (1760-1815)", en R. Villares (coord.), *La ciudad y el mundo urbano...*, op. cit. Omitimos facer mención doutros traballos deste autor, así como dos de A. Meijide e L. Alonso Alvarez, anteriores a 1987.

30 Cfr. O. Rey Castelao, "La interacción Iglesia-burguesía en la Galicia Moderna", e P. Saavedra, "La renovación de los grupos burgueses en la Galicia de la segunda mitad del XVIII", colaboracións

calquera que sexa a valoración que se faga da burguesía mercantil asentada en Compostela, A Coruña, Vigo, Ribadeo, Pontevedra, Ferrol..., resulta evidente que os últimos estudos que tratan da industrial téxtil rural, das feiras e mercados e das diversas familias de comerciantes, obrigan a cambiar non pouco a visión que se tiña da Galicia do século XVIII: entón o Reino era, en palabras atinadas de J. Carmona e J. García Lombardero, unha enorme "fábrica dispersa"; cando a industria dos lenzos fracasou o destino do país quedou reducido ó de "parente de aldea", é dicir, a exportar algo de gando e moita forza de traballo<sup>31</sup>.

O coñecemento que tiñamos da economía dos grupos rendistas, en particular dos de carácter eclesiástico, adiantou considerablemente nos últimos anos. Ofelia Rey Castelao analizou, en diversos traballos, a natureza e tipoloxía dos ingresos de institucións tan importantes coma a mitra arzobispal compostelá e o Hospital Real, que se sostiñan coa renda procedente do Voto de Santiago; débese tamén a esta autora unha documentada e matizada síntese da crise das economías eclesiásticas na Galicia de fins do Antigo Réxime así como un recente artigo sobre o reparto social dos décimos en 1750<sup>32</sup>. Concepción Burgo López ocupouse do estudo da evolución dos ingresos do principal mosteiro feminino de Galicia, o de San Paio de Santiago, e apareceron publicacións así mesmo sobre varios prioratos de Lugo, Ourense e Mariñas de Betanzos, e inclusive sobre os cenobios de Vilanova de Oscos e Carracedo, que tiñan dependencias en territorio galego e, en calquera caso, radicaban en comarcas con fortes vencellos con Galicia<sup>33</sup>. Deste xeito, a natureza e

---

presentadas ó Congreso Internacional "La burguesía española en la Edad Moderna", Univ. Complutense de Madrid, Decembro, 1991. Actas no prelo.

- 31 Vid. J. Carmona e J. García Lombardero, "De fábrica dispersa a paciente de aldea: la cuestión industrial en los orígenes de la Galicia contemporánea", en E. Fernández de Pinedo e J. L. Hernández Marco, *La industrialización del norte de España*, Barcelona, 1988.
- 32 O. Rey Castelao, "Estructura y evolución de una economía rentista de Antigo Régimen: el Hospital Real de Santiago", en *Jubilatio...*, *op. cit.*, II; "El voto de Santiago en Galicia: regímenes contributivos e interpretación de sus series", *Compostellanum*, XXXIII, 1988; "Estructura y evolución de una economía rentista del Antigo Régimen: la mitra arzobispal de Santiago", *ib.* XXXV, 1990; "La protección jurídica de las rentas eclesiásticas en España: el ejemplo del voto de Santiago", *Hispania Sacra*, 39, 1987; "La crisis de la economía de las instituciones eclesiásticas de Galicia", en P. Saavedra e R. Villares (eds.), *Señores y campesinos...*, *op. cit.*, I, e "El reparto social del diezmo en Galicia", en *Rev. Obradoiro de Historia...*, *op. cit.*, 1.
- 33 Vid. C. Burgo López, "La economía del monasterio de San Payo de Antealtares en el siglo XVII", en *Obradoiro de Historia...*, *op. cit.*; e "La importancia de los ingresos dotales en la economía monástica

tendencia das rendas de diferentes institucións eclesiásticas que ora se sosteñen principalmente do Voto, ora dos décimos, ora dos foros é un problema bastante ben coñecido, por máis que se boten de menos monografías de grandes mosteiros como Sobrado, Meira, Celanova, Samos, Oseira... A tese en curso de Isolina Rionegro, que se vén ocupando da economía dos cenobios ourensáns na etapa final do Antigo Réxime, axudará sen dúbida a remediar esta falla.

Continúan, en troques, sendo escasas as investigacións tocantes á nobreza titulada e á fidalguía. Os traballos de María Jesús Baz sobre o patrimonio da Casa de Alba refírense máis ben ó século XIX, pero conteñen datos de interese para o XVII e XVIII (en particular axustadas valoracións do papel dos apeos como medio para territorializar cargas)<sup>34</sup>. Baudilio Barreiro ocupouse de estudar unha importante familia de rexedores composteláns, os Porras, que poden servir de exemplo das formas de vida da pequena e poderosa -no nivel local- nobreza vilega<sup>35</sup>. E Lois Domínguez Castro consultou documentación de varias casas fidalgas do Ribeiro, labor que lle permitiu debuxar a constitución dos patrimonios e demostrar que a explotación directa de viñedo é algo a ter en conta na economía pacega<sup>36</sup>. Nós mesmo recollemos diversas contabilidades da casa de Ribadavia no Arquivo da Fundación Ducal de Medinaceli, de Soutomaior no Museo de Pontevedra e de Altamira no arquivo de San Paio de Santiago, pero ata o presente non puidemos presenta-los datos debidamente elaborados e comparados con outros procedentes de libros de mosteiros e prioratos bernardos. E, con independencia das diversas achegas mencionadas, é moito o que queda por facer nos fondos documentais das grandes casas e nos da fidalguía, peor conservados en xeral, aínda que algúns van sendo incorporados a centros públicos (Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Universitario...).

---

femenina durante la edad moderna", en *Jubilatio...*, op. cit.; II; D. Paz González, *El monasterio de Villanueva de Oscos: de la reforma a la exclaustación*, Univ. Oviedo, 1991; P. Saavedra, "La economía del monasterio de Carracedo, c. 1700-1834", *Studia Historica*, V, 1987, e "Coyuntura agraria e ingresos señoriales...", loc. cit., con datos de prioratos da Mariña e Lugo.

- 34 M<sup>a</sup> Jesús Baz Vicente, *El patrimonio de la casa de Alba en Galicia en el siglo XIX*, Lugo, 1991, e "El patrimonio de la alta nobleza en Galicia ante la revolución burguesa: la casa de Alba", *Anuario de Historia del Derecho Español*, LIX, 1990.
- 35 B. Barreiro Mallón, "El dominio de la familia de los Porras y la evolución de las rentas agrarias en la tierra de Santiago", en *Obradoiro de Historia...*, op. cit.
- 36 L. Domínguez Castro, *Xentes, viños e viñas do Ribeiro*, Vigo, 1992.

A "cuestión foral" ou "polémica dos despojos" é un tema clásico da historiografía galega que trata de propiedade da terra e sobre o que abundan pareceres moi diferentes entre os investigadores. As últimas aportacións de Ramón Villares e de Luis Díaz-Castroverde axudan, pensamos, a poñer en claro o verdadeiro papel dos diversos protagonistas da confrontación xudicial e da negociación política. Villares chamou a atención a propósito da combatividade de certos concellos rurais opostos ás demandas dos mosteiros<sup>37</sup>, e Díaz-Castroverde, para a súa tese defendida en novembro de 1992, fixo un estudio polo miúdo dos fondos xudiciais do Arquivo do Reino de Galicia, cousa que lle permitiu demostrar que, en efecto, detrás da pragmática de suspensión de despojos de 1763 non está só a fidalguía que por medio da Xunta do Reino inflúe decisivamente no Consello de Castela -co apoio do Conde de Troncoso- senón tamén centos de labregos que, valéndose de expertos "caciques", lograban face-los pleitos "ruidosos", entorpecían a execución das sentencias favorables ó directo, para chegar a saídas políticas, pois as resolucións da Audiencia respectaban a letra dos contratos forais<sup>38</sup>.

Tamén o coñecemento do réxime señorial notou, nos últimos anos, adiantos importantes. Olga Gallego Domínguez estudou o reparto da poboación da antiga provincia de Ourense entre os diversos señoríos, utilizando os "libros matrices" do Catastro de Ensenada<sup>39</sup>, e A. Eiras Roel fixo o mesmo traballo para toda Galicia, valéndose de diversos censos e listas de veciñanza do século XVIII, labor que lle permitiu presentar unha lista de grandes, medianos e pequenos señores de vasallos e demostra-lo predominio da vella nobreza titulada como propietaria de xurisdiccións, por diante da Igrexa<sup>40</sup>. A Francisco Río Barja débese a elaboración dunha minuciosa "cartografía xurisdiccional" da Galicia do XVIII, obra moi útil para coñece-la organización do territorio con anterioridade ó

---

37 Cfr. R. Villares, "Carlos III y la temporalidad del foro: los pleitos sobre despojos", en *Estructuras agrarias y reformismo...*, op. cit. e "Los foros de Galicia. Algunos problemas y comparaciones (Galicia, Portugal, Valencia)", *Ler Historia*, 12, 1988.

38 J. L. Díaz-Castroverde Lodeiro, "Conflictividad social y régimen de propiedad en Galicia: la cuestión de los despojos", Univ. de Santiago, 1992, ms. inédito.

39 O. Gallego, *La organización administrativo territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*, Ourense, 1988.

40 A. Eiras Roel, "El señorío gallego en cifras. Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 103, 1989. O autor ten no prelo un traballo máis extenso sobre o tema, presentado en 1987 ó Coloquio celebrado en Madrid adicado ás manifestacións do réxime señorial na Idade Moderna.

establecemento de municipios e partidos xudiciais, na década de 1830<sup>41</sup>. Da nosa autoría é un longo artigo no que tratamos da extensión do réxime señorial galego, da diferente tipoloxía dos ingresos dos diversos señores, do senso que tiñan as críticas da organización do territorio baseada en coutos e xurisdiccións, da conflictividade antiseñorial e do goberno dos señoríos; noutro traballo ocupámonos de compara-las relacións entre os señoríos e as comunidades campesiñas en Galicia, Castela e Coroa de Aragón, salientando que no caso galego a fortaleza do campesiñado non era impedimento para que a hexemonía dos señores non tivese discusión, e ó revés<sup>42</sup>. Boa coñecedora das institucións monásticas, C. Burgo López abordou en dous artigos a conflictividade antiseñorial, moi elevada, nos dominios de San Paio a principios do XIX e as características que presentaban os señoríos monásticos da provincia de Lugo<sup>43</sup>.

Unha vez que se coñece a extensión do réxime señorial e a diversa natureza xurídica dos ingresos dos diferentes señores de vasalos -nobreza titulada, bispos, mosteiros, fidalgos...-, precísanse estudos sobre o funcionamento de señoríos concretos, en particular dos na vella aristocracia leiga. E para levalos a termo xa non chega con consulta-los listas de veciñanza e fontes fiscais, senón que ha de recorrerse principalmente ós arquivos particulares das propias casas nobres e institucións relixiosas e á documentación xudicial da Audiencia, Chancelería e Consello de Castela. A correspondencia que mantiñan os señores con persoas que, no seu nome, exercían a autoridade político-administrativa nos diversos estados ten, a este respecto, unha utilidade extraordinaria, apenas aproveitada ata o presente.

- 
- 41 F. Río Barja, *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Consello da Cultura Galega, 1991. Para o caso concreto da provincia de Betanzos, vid. tamén A. Eiras Martínez e X. M. González Fernández, "O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos", *Anuario Brigantino*, 12, 1989, e M<sup>a</sup> López Díez, "Alteraciones en el mapa jurisdiccional gallego durante la edad moderna: las desmembraciones eclesiásticas del XVI", *Estudios mindonienses*, 7, 1991.
- 42 P. Saavedra, "Contribución al estudio del régimen señorial gallego", *Anuario de Historia del Derecho Español*, LIX, 1990, e "Señoríos y comunidades campesinas en la España del Antiguo Régimen", Congreso *Señorío y Feudalismo en la Península Ibérica, ss. XII-XIX*, Zaragoza, Decembro, 1989, actas no prelo, e tamén "Poder real, poderes señoriales y oligarquías locales en la Galicia del Antiguo Régimen", *Arqueología do Estado*, Lisboa, 1988, 2.
- 43 C. Burgo López, "La conflictividad en torno al pago de la renta foral en Galicia a finales del Antiguo Régimen", en *Espacio. Tiempo. Forma. Historia Moderna*, 4, 1989, e "El señorío monástico gallego en la Edad Moderna", *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, 1, 1992.

O estudio do réxime señorial leva, necesariamente, a tratar do exercicio do poder, pois unha das regalías dos propietarios das xurisdiccións era a de nomear determinados oficiais con facultades de xustiza e goberno a nivel local; doutra banda, os señoríos non son "illas", senón "elementos incardinados" no seo da "monarquía absoluta", segundo ten salientado B. González Alonso. Nesta perspectiva, María López Díaz véñse ocupando desde hai tempo da investigación do goberno daquelas cidades que estaban sometidas a señorío episcopal, e ofrece xa datos abundantes sobre a socioloxía dos oficiais municipais da Compostela do XVIII<sup>44</sup>, cousa que para o caso dos alcaldes ordinarios de Pontevedra fixo tamén X. M. González Fernández, demostrando a relevancia que no desempeño deses cargos vai adquirindo a "nova burguesía", da que antes falabamos. Na actualidade, este autor ten moi adiantada a súa tese de Doutoramento a propósito do funcionamento dos tribunais de xustiza de ámbito local-señorial das provincias de Santiago e Tui<sup>45</sup>.

De tódolos xeitos, a "historia política" sufriu, e non somentes en Galicia, un certo retraso, debido ó "reduccionismo" a que foi sometida por outras correntes máis de moda e tamén porque as institucións do Antigo Réxime, sexa o Estado, as asembleas parlamentarias ou os pequenos concellos, foron analizadas a partir de "paradigmas" propios do Estado liberal, e fóra, polo tanto, das "matrices" específicas sobre as que se asentaban. Na actualidade resulta claro que a historia política volta a ser recoñecida, despois de que os investigadores se foron convencendo de que non pode entenderse a organización da sociedade sen ter en conta o seu carácter corporativo, a pluralidade de poderes e a extraordinaria importancia do dereito.

Desde eses presupostos metodolóxicos, María C. Saavedra Vázquez elaborou a súa tese de Doutoramento sobre a administración militar en Galicia entre 1550 e 1650, analizando as sucesivas fases nas que se crea, por parte da monarquía, unha estrutura persoal e financeira, o papel que teñen os poderes locais ós que deben acudi-las autoridades reais e o "impacto" da actividade militar na estrutura socioeconómica da cidade da Coruña<sup>46</sup>. Pola nosa parte, adicamos algunha atención o estudio do funcionamento

---

44 M<sup>a</sup> López Díaz, *Oficios municipales de Santiago a mediados del siglo XVIII*, A Coruña, 1991.

45 X. M. González Fernández, "Los caracteres socioprofesionales de los alcaldes ordinarios de Pontevedra en el Antiguo Régimen", *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 8-9, 1992; "La crisis de la administración señorial en la Galicia de finales del Antiguo Régimen", *Señorío y Feudalismo en la Península Ibérica*, ss. XII-XIX, Zaragoza, decembro, 1989, Actas no prelo, e tamén "El motín de los «matutos» (1687). Acercamiento a una revuelta antiseñorial en las tierras de O Condado", *Soberosum*, 1, 1992, con información sobre a administración señorial.

46 M. C. Saavedra Vázquez, "Actividad militar, económica y sociedad en la España noratlántica, 1556-1648",

da Facenda Real na Galicia dos séculos XVI-XVIII, insistindo no carácter urbano das cargas fiscais, na capacidade que os gobernantes de cidades e vilas e mesmo os concellos rurais tiñan á hora de repartir e recadar os trabucos, e expoñendo as causas dos motíns que acontecen en 1790 -que endexamais foran explicadas-, cando as reformas do Conde de Lerena cambian de súpeto o funcionamento do sistema fiscal, ata ese momento nas mans das oligarquías e concellos<sup>47</sup>. Finalmente, tamén no campo da política, agardamos con interese a defensa da tese de Doutoramento de Manuel M<sup>a</sup> de Artaza Montero, que ten practicamente rematada unha investigación sobre as Xuntas do Reino, tema bastante esquencido desde que en 1962 E. Fernández-Villamil publicara a súa coñecida obra. O traballo de Artaza Montero incorpora un amplo acopio documental, froito da consulta das Actas das Xuntas celebradas e de consistorios municipais, e contempla a Xunta do Reino dentro da lóxica institucional do Antigo Réxime, como unha das moitas "assembleas representativas" que existiron na Europa do XVI-XVIII<sup>48</sup>. Quedan, desde logo, moitos "poderes" por estudar e inclusive por descubrir, pero a Galicia da idade moderna comeza a ter unha historia política quizabes máis densa e orixinal do que se pensaba.

---

Univ. de Santiago, 1992, ms. inédito, así como a monografía *La ciudad de La Coruña durante el reinado de Felipe II*, A Coruña, 1989. Para ver as liñas de investigación nas que se sitúan os traballos desta autora, vid., da mesma, "De la «historia de las batallas» al «impacto de la guerra»: algunas consideraciones sobre la actual historiografía militar española", en *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, 1, 1992.

47 Cfr. P. Saavedra, *A Facenda Real en Galicia nos séculos XVI-XVIII*, EGAP, Santiago, 1993, e con un carácter máis xeral "Administración y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen", ponencia ó *Simposio de Historia da Administración*, EGAP, Santiago, xuño de 1992, actas no prelo. Tamén sobre a fiscalidade, C. Fernández Cortizo, "La fiscalidad real en una jurisdicción señorial: la tierra de Montes (siglos XVI-XVII)", *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, 1, 1992, e "Las alcabalas enajenadas en la provincia de Santiago: los «reguengos» de la mitra compostelana (siglos XV-XIX)", Comunicación a *II Reunión científica de la Asociación Española de Historia Moderna*, Murcia, abril, 1992, actas no prelo. Para o caso concreto do motín antifiscal «da Ulloa», P. Saavedra, "La resistencia a las reformas del conde de Lerena en Galicia", número especial de *Hacienda Pública Española*, no prelo.

48 Algúns adiantos da investigación deste autor en "La junta del Reino y la autonomía de Galicia", *Rev. Obradoiro de Historia Moderna*, 2, 1993 (no prelo), e *A Xunta do Reino de Galicia no final do Antigo Réxime (1775-1834)*, no prelo, na Fundación "Barrié de la Maza".